



CONCELLO DE BEGONTE

ORDENANZA REGULADORA DO FICHEIRO: NÓMINAS E PERSOAL

Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos persoal ó servizo deste Concello, tanto funcionarios de carreira, persoal laboral fixo e persoal con contrato de duración determinada.

Finalidade: A finalidade deste ficheiro é a xestión do persoal ó servizo do Concello, das nóminas, prevención de riscos laborais e saúde laboral, control de incompatibilidades, así como a xestión fiscal e contable.

Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Traballadores ó servizo Concello de Begonte

Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios.

Estrutura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, nº de afiliación á Seguridade Social/Mutualidade, teléfono) así como datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar e data de nacemento) datos académicos e profesionais (formación, titulacións, experiencia profesional e pertencenza a colexios ou asociacións profesionais de colexiación obrigatoria) datos de detalle de emprego (corpo/escala, categoría/grao, posto de traballo e datos non económicos de nómina) datos económico- financeiros (ingresos e rendas, plans de pensións/xubilación, datos bancarios, datos económicos de nómina, seguros, datos de deducións impositivas/impostos). Outros datos especialmente protexidos referidos á saúde (baixas por enfermidade común, accidente de traballo e enfermidade profesional, incapacidades declaradas polo Instituto Nacional da Seguridade Social).

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesorería Xeral da Seguridade Social, Facenda Pública, INEM, Servizo Galego de Colocación, Entidades Financieras e Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei.

Non se prevén transferencias internacionais.

Órgano responsable do ficheiro: Alcalde-presidente.

Servizo ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Alcalde-presidente

Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel alto.



CONCELLO DE BEGONTE

ORDENANZA REGULADORA DO FICHEIRO : SISTEMA INFORMÁTICO DE USUARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS (S.I.U.S.S.)

Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos usuarios do departamento de Servizos Sociais do Concello.

Finalidade: Prestación dos servizos sociais que os cidadáns requiren do Concello.

Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Os datos persoais dos cidadáns beneficiarios dos servizos sociais.

Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios.

Estrutura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, teléfono) datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar de e data de nacemento) datos de circunstancias sociais (características de aloxamento, vivenda) datos de detalles do emprego (posto de traballo) datos económicos e financeiros (ingresos e rendas) así como datos de transaccións (bens e servizos subministrados polo usuario dos servizos, bens e servizos recibidos por o usuario).

Otro datos especialmente protexidos (saúde).

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Xunta de Galicia. Instituto Nacional da Seguridade Social, Fachenda Pública, Servizo Galego de Colocación, Instituto Nacional de Estadística, Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.

Órgano responsable do ficheiro: Alcalde-presidente

Servizo ou unidade diante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Alcalde-presidente.

Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel alto.



CONCELLO DE BEGONTE

ORDENANZA REGULADORA DO FICHEIRO: REXISTRO XERAL DE ENTRADA E SAÍDA DE DOCUMENTOS

Descrición: Rexistro de persoas físicas ou xurídicas que formulan solicitudes, peticións, reclamacións, alegacións e escritos en xeral, dirixidos a un órgano municipal ou para o seu traslado a outra Administración Pública.

Finalidade: Rexistro de persoas físicas ou xurídicas que tramitan documentos (solicitudes, peticións, reclamacións, alegacións e escritos en xeral) no Concello.

Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Os datos persoais dos suxeitos que tramitan documentos diante do Concello de Begonte.

Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recolleita dos datos: Escritos presentados polos interesados e formularios.

Estrutura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, teléfono) datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar de nacemento e data de nacemento) datos de circunstancias sociais (características de aloxamento, vivenda, propiedades, posesións, licenzas, permisos, autorizacións) datos de información comercial (actividades y negocios) así como datos de transacciones (bens e servicios suministrados por o afectado, bens e servicios recibidos por o afectado, transaccións financeiras).

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Instituto Nacional da Seguridade Social, Tesorería Xeral da Seguridade Social, Facenda Pública, Servizo Galego de Colocación, INEM e Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.

Órgano responsable do ficheiro: Alcalde-presidente.

Servizo ou unidade diante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Alcalde-presidente

Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel básico.



CONCELLO DE BEGONTE

ORDENANZA POLA QUE SE MODIFICA A REGULADORA DO FICHEIRO: XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA CON CÓDIGO DE INSCRIPCIÓN 1982520005

Descrición: Neste ficheiro lévase a cabo a configuración dos suxeitos pasivos obrigados ó pago dos tributos municipais: impostos, taxas, contribucións especiais. Dos prezos públicos e demais exaccións municipais, así como a recaudación dos mesmos

Finalidade e Usos Previstos: Comprende as aplicacións que teñen por finalidade o exercicio das facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación de tributos locais, que non estean delegados a outras entidades. A día de hoxe os usos previstos serán en relación cos seguintes tributos: imposto de vehículos de tracción mecánica, imposto sobre construcións, instalacións e obras, taxas polo suministro de auga, recollida de residuos sólidos urbanos e tratamento e eliminación de residuos, e alcantarillado.

Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Os datos persoais dos suxeitos pasivos dos impostos municipais do Concello de Begonte.

Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios.

Estrutura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, teléfono) datos de circunstancias sociais (características de aloxamento, vivenda, propiedades, posesións, licenzas, permisos, autorizacións) datos de información comercial (actividades y negocios) así como datos de transaccións (bens e servicios suministrados polo afectado, bens e servicios recibidos polo afectado, transaccións financeiras). Datos para mantemento de contadores: código, DNI, razón social, epígrafe, última lectura, lectura anterior, data de alta. Datos domiciliación bancaria: conta, titular, banco, sucursal, DC.

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Servicio Provincial de Recadación, Axencia Tributaria, Consellería de Economía e Facenda, Tesourería Xeral da Seguridade Social (en relación coa tramitación de procedementos de apremio ou embargo), Xefatura de Tráfico (no suposto do imposto dos vehículos de tracción mecánica), ou a requerimento de Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.



CONCELLO DE BEGONTE

Órgano responsable do ficheiro: Alcalde-presidente

Servizo ou unidade diante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Alcalde-presidente.

Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel básico.



CONCELLO DE BEGONTE

ORDENANZA POLA QUE SE MODIFICA A REGULADORA DO FICHEIRO: SICAL-CONTABILIDADE **CON CÓDIGO DE INSCRICIÓN 1982520004**

Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos interesados na xestión económico-financieira e contable do Concello.

Finalidade: A finalidade deste ficheiro é a realización das operacións de natureza contable e económico-financieira, así como a xestión de cobros e pagos.

Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Interesados na xestión económico-financieira e contable do Concello.

Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal, rexistros públicos, entidades privadas e administracións públicas.

Procedemento de recolleita dos datos: Facturas, certificacións de obra, liquidacións tributarias, formularios, transmisión electrónica de datos/Internet, fax.

Estrutura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección e teléfono) datos económico-financieros (datos bancarios, datos de deducións impositivas/impostos) datos de información comercial (actividades e negocios) e datos de transaccións (bens e servizos fornecidos polo afectado).

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Os datos contidos neste ficheiro poderán ser cedidos en todo ou en parte a Entidades Financeiras, Facenda Pública, Tesorería Xeral da Seguridade Social, Órganos Xudiciais, Tribunal de Cuentas del Reino Consello de Constas da Comunidade Autónoma de Galicia, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesorería Xeral da Seguridade Social, así como aquelas de obrigado cumprimento que veññ reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.

Órgano responsable do ficheiro: Alcalde-presidente

Servizo ou unidade diante o que se poidan exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Alcalde-presidente.

Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel básico.



CONCELLO DE BEGONTE

ORDENANZA POLA QUE SE MODIFICA A REGULADORA DO FICHEIRO: PADRÓN DE HABITANTES CON CÓDIGO DE INSCRIPCIÓN 1982520003

Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos cidadáns empadroados no Concello de Begonte.

Finalidade: A finalidade deste ficheiro é xestionar o padrón de habitantes, controlando as altas e baixas da poboación e as súas posibles variacións (traslados de domicilio, etc). Levar a cabo funcións de estadística pública e procedementos administrativos.

Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Cidadáns empadroados do Concello de Begonte.

Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios.

Estrutura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, domicilio, teléfono) así como datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar e data de nacemento, nivel de estudos).

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Instituto Nacional de Estatística, Instituto Galego de Estatística, Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.

Órgano responsable do ficheiro: Alcalde-presidente

Servizo ou unidade diante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Alcalde-presidente.

Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel básico.